



O MISTERIO DAS BADALADAS

Xabier P. DoCampo

Ilustracións de Xosé Cobas

MERLÍN 11 ANOS (1343215)

144 páxinas

ISBN: 978-84-9914-207-4

P.V.P: 11,50 €

NOVIDADES MARZO 2010



**« O MISTERIO DAS BADALADAS » DE XABIER P. DOCAMPO
 O PRIMEIRO BEST-SELLER DA LITERATURA INFANTIL GALEGA**

“O MISTERIO DAS BADALADAS”, DE XABIER P. DOCAMPO, ILUSTRADO POR XOSÉ COBAS FOI PUBLICADO POR VEZ PRIMEIRA EN 1986, CUMPRÍNDOSE ESTE ANO O SEU 25 ANIVERSARIO.

No campanario da igrexa de Eiranova acaban de instalar un reloxo. Comezan a soar por primeira vez as badaladas que anunciarán a todos os habitantes que son as doce da noite. Unha, dúas, tres..., dez, once... Entón sucede algo que haberá dar nun acontecemento que só cinco rapaces resoltos e afoutados queren pescudar até encontrar explicación para un fenómeno que a todos confunde. Unha por unha irán resolvendo as pistas que lles van aparecendo e que os levarán a encontrar ao responsábel do anormal comportamento do reloxo de Eiranova. Mais cando isto suceda e cheguemos á última páxina do libro, abrirase un novo misterio que desafiará a perspicacia e a intelixencia do lector.

Xabier P. Docampo (Xabier Puente Docampo) (Rábade, 1946). Mestre xubilado. Actor de teatro, autor e director de guións para cine, radio e vídeo. Obtivo o Premio da Feira do Libro da Coruña (1989), Premio Irmandade do Libro ao Autor do Ano 2009. Co-autor das series *Canles* e *Labia* de libros de textos para o ensino da Lingua Galega publicadas por Xerais. Autor dunha extensa obra narrativa, ten traducidos boa parte dos seus títulos nas linguas peninsulares. As súas obras para público xuvenil e adolescente son : *O misterio das badaladas* (1986 – Xerais 2011), novela; *Cun ollo aberto e outro sen cerrar* (1987), relatos; *A chave das noces* (1988), novela; *O país durminte* (Xerais 1993), novela; *Cando petan na porta pola noite* (Xerais 1994), relatos, Premio Rañolas ó mellor libro do ano, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil (1995), Lista de Honra do IBBY (1996); *O pazo baleiro* (1997, Xerais 2002), novela; *O home que inventou unha maneira de andar* (1998), novela; *Catro cartas* (2000), relatos; *Un conto de tres noites* (Xerais 2001), relatos; *A casa da luz* (Xerais 2002), novela. Para o público infantil publicou *O armario novo de Rubén* (Xerais 1989); *A nena de auga e o príncipe de lume* (Xerais 1990); *A casa do porco bravo e Roxelio e a couza* (Xerais 1991); *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996); *Nube de neve* (2000), *¿Víchela, víchela?* (2001), *Os ollos de Ramón* (2001) e *O libro das viaxes imaxinarias* (Xerais 2008) Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado do Ano 2008, Premio Asociación de Escritores en Lingua Galega (Infantil - Xuvenil), 2008 e Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil, 2008.

Xosé Cobas Gómez (Logrosa-Negreira, A Coruña, 1953) está vencellado profesionalmente ao mundo da pintura e o deseño gráfico. A comezos dos anos 80 toma contacto co mundo da ilustración, sobre todo na prensa e máis nas revistas, iniciándose na ilustración de literatura infantil e xuvenil, sen abandonar os rexistros pictóricos. Dende aquela publicou numerosos libros, gañou varios premios e participou en diversas exposicións en España e no estranxeiro. Entre os seus libros destaca, *O libro das viaxes imaxinarias* (Xerais 2008) Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado do Ano 2008, Premio Asociación de Escritores en Lingua Galega (Infantil - Xuvenil), 2008 e Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil, 2008.